

## CUNTIS PECHA O EXERCICIO 2021 CUNHA DÉBEDA COMERCIAL DE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS E INTERVIDO POLO ESTADO

- A liquidación orzamentaria debe realizarse nos concellos antes do 31 de marzo. Este ano a demora no inicio de proceso, que comezou o día 30 de xuño, xa lle supuxo ao Alcalde de Cuntis un requirimento do Director Xeral de Política Financeira da Xunta de Galicia.
- A débeda en facturas sen pagar a 31 de decembro de 2021 superaba o millón de euros, tendo que ser asumida parte dela polo rescate bancario do Ministerio de Hacienda, que conleva un plan de axuste.
- No ano 2015 Cuntis tiña un retraso no Periodo Medio de Pago a Provedores de 53 días (o máximo que permite a lei son 30). A día de hoxe supera xa os 420 días.

*Cuntis, 5 de agosto de 2022*

O pleno do pasado 28 de xullo tratou a liquidación xeral do Orzamento Municipal de Cuntis do pasado exercicio 2021. **A situación económica municipal presenta unha situación delicadísima, e o Concello de Cuntis atópase intervido polo Ministerio de Hacienda, que rescatou parte das débedas acumuladas mediante un crédito bancario que suporá un plan de axuste**, con subas de impostos, recortes e outras medidas que terán que asumir os veciños e veciñas de Cuntis a partires do vindeiro exercicio.

O trámite da liquidación orzamentaria debe realizarse nos concellos durante o primeiro trimestre de cada ano, é dicir, antes do 31 de marzo. Este ano, **a demora no inicio de proceso, que comezou o día 30 de xuño segundo consta no expediente, xa lle supuxo ao Alcalde de Cuntis un requirimento do Director Xeral de Política Financeira da Xunta de Galicia no que lle recordaba ao Alcalde que incumpre a obriga de remitir as contas en tempo e forma.**

Tal e como explicou no pleno o voceiro municipal de Veciñanza, as principais conclusións que se desprenden desta liquidación son as seguintes:

- En facturas pendentes de pago (conta 413 da Contabilidade Municipal) había a 1 de xaneiro de 2021 un total de máis de 790.000 €





- A 31 de decembro a cantidade superaba 1.044.000 €
- O rescate ao que está sometido o Concello de Cuntis asumiu un total de 608.000 €

Isto supón que:

- Fai seis meses, a xestión do PSOE de Cuntis xerara unha débeda que superaba o millón de euros en facturas sen pagar. É dicir, débeda comercial.
- A día de hoxe, Cuntis ademais da débeda comercial presenta débeda bancaria, ou sexa, o préstamo por esa cantidade máis os intereses.
- A maiores, e fóra dese préstamo, o Concello de Cuntis está a deber todo o volume de facturas que non foron incluídas no rescate: máis de 450.000 €

A xestión económica do PSOE de Cuntis levou ao Concello a ter que ser intervindo polo Ministerio de Hacienda, que á súa vez lle esixe un plan de axuste que contempla unha serie de medidas que entrarán en vigor a partires do exercicio 2023. Tal e como indicaba Santi Martínez, voceiro de Veciñanza no pleno da semana pasada, *“o vindeiro ano estará marcado pola inflación que xa sufrimos, pola suba de prezos e por unhas previsións económicas que presentan un ano moi difícil. Pois ben, en Cuntis, grazas á xestión deste goberno, o 2023 será para os veciños e veciñas, así como hostalaría local de Cuntis, un pouco máis complicado aínda”*. Ademais, tamén explicou que *“a débeda que ten o concello de Cuntis non é a que se contrae para mellorar as prestacións en servizos públicos. **A débeda que xera este goberno ten que ver coa ineptitude na xestión, co autobombo e cun uso partidista dos fondos públicos. A débeda deste goberno é por non ser eficaz na xestión, na licitación de contratos públicos, na obtención de mellores prezos e na eficacia no capítulo de ingresos. A débeda ten que ver con gasto superfluo sen que mellorara nestes sete anos absolutamente nada do referido aos servizos públicos. Non só están as carencias que se ven, tamén está o funcionamento interno deste concello: das tres prazas previstas de Policía Local, agora mesmo non hai ocupada ningunha, é dicir, estamos sen servizo de policía local; estamos sen interventor, as funcións estaas a realizar un técnico doutra área; estamos sen secretario propio, o que presta os servizos aquí faino por un tempo limitado (unhas horas á semana, posto que esta non é a súa praza) e non sabemos ata cando. O funcionamento da administración tamén son servizos públicos”***.

Un dos indicadores que dan conta da situación económica do Concello de Cuntis, e que resultou un dos principais motivos para que o Ministerio de Hacienda tivese que proceder ao rescate do Concello é o do Periodo Medio de Pago a Provedores. Tal e como indicou o voceiro de Veciñanza, *“Cuntis presentaba a finais do ano 2015 un atraso no PMP de 53’56 días, cando o máximo que permite a lei son 30. A día de hoxe, o últimos datos dispoñibles na web do Ministerio de Hacienda desagregados a nivel municipal son do pasado marzo e neles rexistra un total de 420 días”*.

